

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2022

Ás 11:00 horas do día 10 de outubro de 2022, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica

D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos

D. Ruben Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 1.a e 6a)

D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe de Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2, 5, 6 e 10)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

- a) **Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (expediente 4792-611)**

A secretaria da conta da interposición por D. José Antonio Souto López, en nome e representación de GARBIALDI, S.A., o 30 de setembro de 2022, dun recurso especial en materia de contratación (nº 168/2022) ante o Tribunal Administrativo



de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a adxudicación do presente procedemento, se ben as alegacións versan sobre a súa exclusión por conter a súa oferta valores anormais.

GARBIALDI, S.A., impugna a súa exclusión e a adxudicación do contrato, entre outros polo seguinte motivo:

- A necesidade de tomar en conta o prezo global do contrato e non a baixa de determinados apartados (alegación segunda do escrito de recurso).

É preciso ter en conta que o presuposto base de licitación deste contrato se compón dunha parte fixa, os servizos ordinarios de limpeza, e dunha parte variable, os servizos extraordinarios de limpeza, respecto a cal o contrato ten a consideración de servizos segundo necesidades, polo que se fixan prezos unitarios para cada tipo de estas limpeza: limpeza especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias, limpeza especializadas de cristais en altura e limpeza en altura, así como conducións de aire, limpeza extraordinarias de eventos deportivos e COVID e limpeza especializadas de resinas (apartados 3.A e G da FEC). Así mesmo fíxase un prezo unitario a aplicar en caso de modificación do contrato (apartado 3.G da FEC).

O informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes do 1 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión de 9 de agosto, parte de calcular os valores anormais, non con respecto a oferta global, senón con relación aos prezos unitarios.

É preciso por de releve que, tal e como indica o recorrente, existe unha consolidada xurisprudencia así como doutrina administrativa dos tribunais especiais en materia de contratación, respecto á que deben determinarse os valores anormais con respecto o "prezo global" proposto polo licitador. Por todas citaremos a Resolución nº 88/2022 do TACGAL, ditada no Recurso nº 63/2022 que dí:

"este TACGal xa ten sinalado en diversas resolucións -por todas, a Resolución 25/2018- que os parámetros para fixar o limiar de temeridade non se poden referir aos prezos parciais, senón ao conxunto da oferta. Así, a Sentenza 1828/2019, do 17 de decembro, do Tribunal Supremo sinala que "la determinación de si una oferta incluye valores anormales...ha de efectuarse en relación con la oferta global y completa presentada por el licitador".

Nesa Resolución 25/2018 explicabamos:

"no existiendo expresión concreta en el PCAP, cabe señalar que, si bien procede la fijación de precios unitarios para la clasificación de las ofertas presentadas, la utilización del mismo criterio para la apreciación de la presunción de anormalidad no resulta adecuado, pues la finalidad de ambos supuestos es distinta. En el primer caso el órgano pretende determinar la oferta más ventajosa, pero en el segundo los criterios a aplicar sirven para fijar una presunción de que una oferta, en su conjunto, no puede ser cumplida y que el licitador no podrá hacer



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

frente a la ejecución del global del contrato, por lo que la referencia de esa presunción a un aspecto parcial del contrato no parece correcto. Así, no resulta ilógico ni desproporcionado que un licitador formule su oferta con precios más bajos en algún apartado y más ajustados al presupuesto de licitación en algún otro. Entenderlo de otro modo para la determinación del umbral de temeridad no se ajustaría a la propia finalidad de la licitación, como es la de seleccionar la propuesta más ventajosa para la Administración". (fundamento de derecho sexto)

Á vista desta doutrina, a proposta de informe de recurso do órgano de contratación, pendente de aprobación pola Xunta de Goberno Local, asinado pola informante, propón que esta Administración debe allanarse as pretensións do recorrente, e admitir que non é correcto o criterio aplicado no citado informe de valoración de ofertas. Aplicando o parámetro da oferta global, tal e como determina o informe emitido polo servizo xestor o 7 de outubro, ao fío das alegacións do recorrente, a oferta de GARBIALDI, S.A., non contén valores anormais. En consecuencia, procedería retrotraer o procedemento ao momento de valoración do sobre C, se ben, esta Administración non pode facelo de oficio por canto o procedemento está suspendido e queda ao arbitrio do Tribunal acordalo.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
- C CAMERFIRMA, S.A.
 - IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) **Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo a xefe do Servizo de Administración Electrónica de datas 4 de outubro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor". A Mesa acepta por unanimidade o informe. Á vista do mesmo, acordase a exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L., polos seguintes motivos:

1. O licitador no punto 1 da súa oferta propón a substitución da actual sistema de control de presenza por outro diferente, HRLOG, aportando o licitador tanto o software como o parque de fichadores (dispositivos iPad) para despregar polos diferentes centros de traballo. Non se trata pois de unha oferta de mantemento do actual sistema de control de presenza polo que a oferta non se adecúa ó obxecto do contrato.
2. Indica na proposición avaliable mediante xuízo de valor as horas de formación a impartir, sendo así que este é un criterio de adxudicación mediante fórmula.
3. Non acada o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) **Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113)**

Procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo do subministro	Prezo do servizo de mantemento	Infraestrutura válida para a realización de Firma Cualificada	Subministro de motor de firma para firma en servidor	Incrementa tamaño mínimo documento previsto PPT	Funcionalidade para establecer dispositivos con autorización de acceso aos certificados de cada usuario	App para firmar cos certificados centralizados en dispositivos IOS e Android	Funcionalidade especial do controlador software de clientes Windows e Ubuntu	Cantidade adicional de licenzas mínimas da centralización	Cantidade adicional de selos de tempo por segundo soportables	Horas de formación adicionais
C CAMERFIRMA, S.A.	160.492,30	80.249,39	non	si	60 MB	si	si	si	200,00	50,00	5,00
IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U.	194.916,48	118.791,75	si	si	60 MB	si	si	si	300,00	10,00	5,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo (IVE incluído)	Aumento das horas de soporte	Cursos on line para os usuarios do Concello
BASTET INGENIERIA S.L.	36.989,70 (IVE 6.419,70)	20,00	si

Asisten á apertura:

- D. José Pérez Iglesia con DNI número 76.5xx.x95-S en representación de BASTET INGENIERIA SL

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L., por non acadar o umbral de puntuación mínima nos criterios avaliables mediante xuízo de valor.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto do subministro e servizo de mantemento do sistema de control horario (expediente 39066-220) na seguinte orde descendente:

- BASTET INGENIERIA S.L.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BASTET INGENIERIA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal, autorizar o gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de setembro de 2022, de SA GLOBALL CONCEPT no lote 3 por non axustarse ao recollido no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP.)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1: escenas figurativas de nadal vexetais e non vexetais

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	69,50 puntos

Lote nº 2: instalacións decorativas lumínicas transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	99,00 puntos

Lote nº 3: instalacións lumínicas non transitables

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	97,00 puntos
2	EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.	50,52 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) (B-15.520.935) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3) (A-14.041.362) para que presenten, no prazo de dez días hábile, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F das FEC do PCAP ("documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas").

* No caso de EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. ao ter presentado documentación no sobre A e en trámite de emenda, non é necesario que achegue a seguinte documentación: escritura de constitución, poder e DNI do apoderado, anexo V do PCAP e acreditación da habilitación profesional.



3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 2 e 3), o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada. Despois de revisada, a Mesa acorda, por unanimidade:

“Conceder un prazo de 3 días a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (lote 1) para que poida emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.8.3º do PCAP:

“Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.

O licitador achegou declaracións responsables do terceiro a cuxa solvencia recorre sen acompañalas de documentación que acredite a realización das prestacións”.

Quinto.- Publicouse no Perfil de Contratante do concello de Vigo un anuncio para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. O prazo para presentar a devandita documentación remataba o día 10 de outubro de 2022

Sexto.- EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. presentou a documentación solicitada o día 10 de outubro de 2022. Cualificada a documentación na sesión da Mesa de Contratación celebrada ese mesmo día, esta é correcta polo que procede formular proposta de adxudicación ao órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante é a formuladas por EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L., de acordo co informe do servizo xestor de data 21 de setembro, aprobado por acordo da Mesa de Contratación do 22 de setembro.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote 1 é de 709.417,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 123.122,01 euros.*
- b) *Propón as seguintes melloras:*
 1. *Incrementa en 100 (nº) m2 a superficie establecida no prego para o set n.º 11 de zonas axardinadas a diferentes alturas recubertas de tepe, con 5 ud de arbolado iluminado cada 20 m2, con unha nevada artificial inicial e dúas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

reposicións periódicas na campaña, a instalar en diversas rúas e prazas da cidade.

2. *Incrementa en 250 (nº) m a superficie de instalación de pavimento de moqueta vermella ofertada no set n.º 12.*
 3. *Achega 8 (nº) novos elementos figurativos en 3D dos sets que non teñen renovación parcial anual (sets n.º 1, 4, 5, 6, 7 e 9) de características técnicas similares ao proxecto inicial e cunha temática de nadal.*
- c) *Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas.

De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 16:35	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A44C-8C5FEE-2BB686-USF2AA-917XJE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		